

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2023 pola que se publica a oferta de emprego público complementaria de estabilización extraordinaria do persoal de administración e servizos para o ano 2023.

De acordo co disposto no artigo 43 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; DOG núm. 29, do 12 de febreiro, e BOE núm. 50, do 27 de febreiro), a Universidade aprobará anualmente a súa oferta de emprego público.

A oferta xeral do ano 2023 correspondente ao persoal de administración e servizos, publicada pola Resolución do 23 de novembro (DOG núm. 229, do 1 de decembro), configurouse de conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 20 da Lei 31/2022, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, así como no artigo 36 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, logo da súa negociación coas organizacións sindicais, da aprobación polo Consello de Goberno e da preceptiva autorización da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Porén, o Real decreto lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da Illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e da vida profesional dos proxenitores e os cuidadores; e de execución e cumprimento do dereito da Unión Europea, establece no seu artigo 217 o seguinte:

«Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público. Autorízase unha taxa adicional ás administracións públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de



garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade. O número de prazas da taxa adicional será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal en 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro. As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 e as convocatorias resoltas antes do 31 de decembro de 2024, axustándose aos principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrencia».

A Universidade dispón de prazas dotadas orzamentariamente que están na situación descrita no parágrafo anterior.

De conformidade co anterior, esta oferta recolle o anexo coa relación de prazas que xeraron ese dereito de estabilización extraordinaria e que afecta soamente o colectivo do PAS, polos requisitos establecidos nos parágrafos anteriores.

O artigo 34 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece o límite da masa salarial para a Universidade de Santiago de Compostela, que non se supera coa oferta adicional presentada.

De conformidade con todo o exposto, e logo da negociación e acordo na Mesa xeral de persoal de administración e servizos do 15 de novembro, emitida a preceptiva autorización pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública e, conforme o Acordo do Consello de Goberno, do 23 de novembro de 2023, o xerente da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do previsto no número seis do punto noveno da Resolución do 22 de abril de 2022 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, publicada no DOG núm. 79, do 26 de abril,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a oferta de emprego público complementaria de estabilización extraordinaria do PAS de 2023, segundo consta no anexo da presente resolución.

Segundo. Determinación da oferta complementaria de emprego público.

O anexo I desta oferta inclúe prazas no ámbito do persoal de administración e servizos que cumpran os criterios previstos, tanto no artigo 217 do Real decreto lei 5/2023, do 28 de



xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da Illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e da vida profesional dos proxenitores e os cuidadores, e de execución e cumprimento do dereito da Unión Europea, como na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, é dicir, prazas ocupadas de forma temporal en 30 de decembro de 2021 por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2023

Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Oferta complementaria de estabilización extraordinaria de PAS 2023

Código de praza	Subgrupo/grupo	Escala/categoría	Total
PF000113	A2	Escala de xestión	1
PF000969	A2	Escala de xestión	1
PF000362	C2	Escala auxiliar	1
PF000549	C2	Escala auxiliar	1
PF000587	C2	Escala auxiliar	1
PF000606	C2	Escala auxiliar	1
PF000629	C2	Escala auxiliar	1
PF000634	C2	Escala auxiliar	1
PF000694	C2	Escala auxiliar	1
PF000768	C2	Escala auxiliar	1
PF000811	C2	Escala auxiliar	1
PF000839	C2	Escala auxiliar	1
PF000887	C2	Escala auxiliar	1
PF000888	C2	Escala auxiliar	1
PL000706	IV.1	Especialista de oficios (xardineiro)	1
Total			15

CVE-DOG: bpvkqk9-xgm8-eyx7-abp6-eyfgxtrmhu2

